

Os escritores, en pé de loita pola igualdade

O Encontro Galeusca 2010 fixo constar nas súas conclusións “o rexeitamento rotundo” dos escritores galegos, vascos e cataláns “á aprobación, unilateralmente imposta polo goberno galego, do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario que, por primeira vez na historia da democracia, fai retroceder a presenza horaria e a conseqüente posibilidade de aprendizaxe, para a mocidade e infancia, do idioma galego, propio e oficial de Galiza, que afonda na súa condición de lingua minorizada e supeditada á hexemonía do castelán”.

No congreso, que reúne até hoxe as asociacións de escritores galegos, vascos e cataláns na Coruña ao redor do tema A literatura en galego, éuscaro e catalán:

unha viaxe con futuro, os autores denunciaron “a regresión na política de investimentos en cultura por parte da Xunta de Galicia, que imposibilita o desenvolvemento ascendente e normalizado da actividade cultural vinculada ás industrias do sector e co propio proceso creativo de autores e autoras nas súas diferentes manifestacións artísticas”.

Por iso, mostran nas súas conclusións o seu “desacordo coa recente convocatoria, por parte do goberno galego, dos agora chamados Premios de Creación, polo seu rexeitamento do cualificativo Nacionais” co que naceron no seu día e pola anulación da dotación económica que conlevaba esta mención de recoñecemento”.

Tamén reivindicán “a necesidade dunha maior presenza cua-



Ander Iturriotz, pola esquerda, Cesáreo Sánchez e Guillem-Jordi Graells durante o congreso. Foto: AELG

litativa e cuantitativa das nosas literaturas nacionais nos currículos oficiais escolares para as etapas de ESO e Bacharelato”.

Por outra parte, reclaman que o Goberno central lle dea “garantías e respecto equitativo e de adecuación de políticas de fomento e

divulgación das nosas literaturas nacionais en pé de igualdade coa literatura escrita en lingua castelá”.

LEIS. Denuncian tamén “as actuais políticas estatais de afronta e negación dos nosos idiomas nacionais, coa pretensión de anularen o prin-

cipio de progresión recollido no espírito e na letra da lexislación vixente.” Así, lembran o contido do artigo 3.3 da Constitución Española que lle “impón ao goberno do estado obrigas de apoio efectivo para as linguas cooficiais: éuscaro, catalán e galego”. REDAC.